

Manuel...

Vesnos aquí a esta Irmandade  
no abrazo sentido de doce anos,  
o que nos marca os tempos  
da túa permanente presenza.  
Pois nós... non nos perdemos polo camiño.

Manuel...

As horas andan de arrebolo,  
mareadas a se faceren rulos arredor súa.  
Imos polas rúas acoutadas e sentimos  
os aires febles, e controlados,  
sen facérense ventos ceibes liberadores.

Manuel...

As rúas xa non son lugares de ben, nin de loita,  
onde debésemos sumar e multiplicar,  
no canto de restar e dividir, sen resistenza.  
Nelas xa non se constrúen man con man...  
os precisados sentidos da dignidade.

Manuel...

Pisamos por unha sociedade de vanidades,  
baleira e de espectáculo feito mercadoría.  
Ben así pois...notamos o sabor acedo das derrotas  
xa que a liberdade segue a ser o esencial ourado refén...  
voando polas gaiolas de ouro.

Manuel...

E así xa ves...calamos...e volvémonos afables  
e submisos do si señor...e maleables...  
e imos indo...e nunca peor...  
e xa veremos para o ano...ide ver...  
e o silencio triunfante faise acubillo...e resistencia.

Manuel...

Sabemos que a nosa arma é o voto  
( case volto arrestora como pistola de fogueo)  
E daquela...apuntaremos pois ao que debemos?  
E a que e a quen ?  
A que fin...?

Proclamamos que Galiza somos nós  
e semella que nos dá igual...  
Dános o mesmo...si...  
que as feridas sigan supurando dolor.  
E mesmo temos medo de que a verdade floreza.

Manuel...

E pese a todo...  
NÓS non nos cansaremos de facer camiñar a nosa palabra  
nas nossas voces en clave de pobo do galego.  
NÓS queremos facer visible o escondido...o silenciado  
E o noso mirar será optimista...  
Pois os nosos ollos escriben a mirada de Galicia.

Nós non nos cansamos...  
e promoveremos teimosamente ...  
os cambios que se nos obrigan.  
Velaí a potenciación da nosa intelixencia colectiva.  
A necesaria construción ideolóxica...

...e a política.

setembro 8 de MMXVI.